



2023-2024

**CEIP
PLURILINGÜE
NOSA SEÑORA
DOS REMEDIOS**



ÍNDICE

ÍNDICE.....	PÁX 1
3 ANOS: APRENDENDO CON DIFERENTES TÉCNICAS.....	PÁX 2
4 ANOS: VIVINDO FESTIVIDADES.....	PÁX 6
5 ANOS: COCIÑANDO GALLETAS DE XENXIBRE.....	PÁX 11
1º E.P: AS OLIMPIADAS.....	PÁX 14
2º E.P: INVENTANDO POEMAS.....	PÁX 16
3º E.P: SAÍDA AO MUSEO DO MAR DE VIGO.....	PÁX 18
4º E.P: VOLTA AO PASADO.....	PÁX 20
5º E.P: EXPLORADORES.....	PÁX 22
6º E.P: GAÑADORAS OLÍMPICAS.....	PÁX 26
DEPARTAMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA INGLESA.....	PÁX 28
EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	PÁX 29
DESPEDIDA DO DIRECTOR.....	PÁX 31



3 ANOS A





3 ANOS B

NAS AULAS DE 3 ANOS



Somos pequeños pero aprendemos
ao grande




Aprendemos xogando



A PRIMAVERA É UNHA ESTACIÓN
QUE COMEZA O

21 DE MARZO



AULA 4 ANOS A



Na nosa aula gústanos celebrar diferentes eventos e disfrutamos moito facendo fotos de grupo xa sexa no entroido ou lucindo a nosa medalla olímpica, un día especial ou xogando... é superdivertido!



Ademáis encántanos compartir actividades e momentos de lecer xuntos, pasámolo de marabilla! Aquí tedes una mostra .

Dende a aula de 4 anos A desexámosvos un bo verán a todos!



4 ANOS B

AS NOSAS FOTOS

En Halloween pasamos moito medo!!!!



Que contentos estábamos o Día da Infancia!

Esperabamos con ansia viva a chegada dos Reis, o tempo de Nadal que tanto nos gusta...



No Entroido disfrázamonos con moita ilusión!!





En Psico pasámolo xenial!



E encántanos xogar...





10

6º E.I.

Os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil este ano traballamos moito... pero o que máis nos gustou foi facer unhas galletas de xenxibre... sobre todo porque despois as comemos e estaban... Mmmm riquísimas!!

AQUI VOS DEIXAMOS A RECEITA, POR SE VOS ANIMADES A FACELA...

GALLETA DE XENXIBRE

INGREDIENTES

- FARINA
- AZUCRE MORENO
- MANTEIGA
- AUGA
- CANELA
- XENXIBRE
- VAINILLA
- LEVADURA
- SAL

ELABORACIÓN

- DERRETIMOS A MANTEIGA
- TAMIZAR FARINA
- MISURAMOS
- AMASAMOS
- ESTIRAMOS E CORTAMOS
- COREMOS E COMEMOS




GALLETA DE XENXIBRE

INGREDIENTES

- 500 GR FARINA
- 250 GR AZUCRE
- 250 GR MANTEIGA
- 5 Cucharadas AGUA CALIENTE
- 1 CULLERADA VAINILLA
- 1 SOBRE LEVADURA
- 1 POCO SAL
- 1 CULLERADA XENXIBRE
- 1 CULLERADA CANELA

ELABORACIÓN

- ABLNDAR MANTEIGA
- MESTURAR
- AMASAAR
- ESTIRAR E CORTAR
- COCINAR
- COMER




1º

PESAMOS E MEDIMOS
OS INGREDIENTES



2º

BATEMOS E MISTURAMOS BEN



3º

AMASAMOS



12

4º
ESTIRAMOS E CORTAMOS
COS CORTAPASTAS



5º
COLOCAMOS NA BANDEXA DO FORNO
E O EQUIPO DE COCINA
COCEUNAS NO SEU FORNO

Grazas



6º
COMÉMOLAS



1º E. P.

As Olimpiadas dos nenos de 1º de primaria do Ceip Nosa Sra das Remedios.....están a ser moi divertidas, aquí vos deixamos algúns exemplos de todo o que fixemos, pero hai moitos máis....



Enredamos nos diferentes andares e transportámosen aos antigos xogos olímpicos.... practicamos loita, salto, lanzamento de disco , atletismo e carreiras de cabalos.



Visitamos o Coliseo Romano

Lanzamiento de Disco



Aquí tñamos o noso propio podium.....





No segundo trimestre viaxamos a todos os continentes, pescudamos curiosidades en xeral e afondamos un pouquiño máis nos deportes olímpicos dos diferentes países e grandes deportistas da historia.



2º DE PRIMARIA

Como somos un curso moi lector e gústanos moito crear,
inevntamos uns poemas polo Día Internacional da Poesía.
A verdade e que fixemos un libro de poemas moi chulo e
ata nos animamos a recitalos.



2º DE PRIMARIA

Un curso máis as alumnas e alumnos de 2º de primaria traballamos arreo na aula de Polos Creativos. Unha vez á semana imos con ilusión a reforzar as aprendizaxes con legos, robots, tablets, e unha morea de ferramentas máis.




3º E. P.

OS NENOS E AS NENAS DE 3º EP DESFRUTAMOS MOITO NA SAÍDA DIDÁCTICA QUE FIXEMOS AO MUSEO DO MAR DE VIGO

Alí aprendemos moitas cousas relacionadas coa pesca.

Tivemos a oportunidade de entender a evolución da arte de pesca a través das súas embarcacións, diferentes especies mariñas, así como os aparellos de captura.

Coñecimos o traballo que realizan os profesionais desta tradicional arte de pesca.



Os traballos e os días na pesca tradicional da sardiña

Na familia mariñeira, cada membro cumplía o seu papel. Pais e fillos ían ó mar con mareas de varios días ou semanas; nais e fillas atendían a casa, traballaban nas fábricas ou vendían o peixe; os velloz, reparaban redes e atesouraban saberes.

Os varóns adultos facían de patróns ou mariñeiros. O patrón era un mariñeiro experto que, ademais de coñecer a localización do peixe e a pesca cos xeitos, xávegas, boliches e outras artes, levaba o barco ata as postas. Os mariñeiros debían atender as faenas no mar: daren os lances, desmallaren a sardiña, realizaran as manobras da navegación ou cocinaran a bordo.

Os rapaces embarcaban sobre os oito anos coa función de traen o barco sempre a punto, colocaren o aparelllo a bordo e carrexaren a auga e os trebelloz.

O vello mariñeiro andaba no mar ata que o corpo aguantaba; logo, axudaba a reparar aparellos, atesourando e transmitindo os saberes dos seus antepasados.

As mulleres, nais e fillas, levaban a casa, composta por un cuarto, cociña e faiado; coidaban os fillos e os animais; e, a maiores, confeccionaban redes, vendían o peixe ou traballaban temporalmente na salga e na conserva.



UNHA VOLTA AO PASADO

4º EP

EN TEMPOS DE CELTAS



Os/as nenos/as de 4ºA e 4ºB áinda non podemos crer que hai centos de anos os celtas vivían onde hoxe o facemos nós!

Puidémolo comprobar cos nosos propios ollos cando fumos á Biblioteca Museo de Ponteraeas. Alí ensináronnos unha chea de cousas dos celtas que vivían no Castro de Troña! Torques, obxectos de bronce, cerámica... Menuda chulada!

Escoitar cousas sobre o Castro de Troña non era suficiente así que... Alá fomos!

Cando chegamos vimos todo do que nos estiveran falando: os resto das vivendas, os muros, o petroglifo da serpe e un cruceiro!

Sabiades que se vos subides a un librádesvos da Santa Compañía?


Que non sabedes o que é? Pois preguntádelle aos vosos maiores... Que arrepío!



O VELLO WHATSAPP

Sabíades que o alumnado de 4º A e B realizamos un intercambio postal durante todo o curso con nenos/as doutros centros de España?

En 4ºA viaxamos ata Granada (Andalucía) e en 4ºB ata Manresa (Cataluña) coñecendo a novos compañeiros/as, a súa gastronomía e expresións típicas.



Non cambiamos por nada a emoción cada vez que as enviabamos, a felicidade ao recibilas e as gañas de abrillas. Ademais, enviámoslles debuxos e intercambiámos fotos.

Non vos imaxinades a sorpresa ao poñerlle cara á persoa coa que falabamos!


A photograph of a group of twelve children, both boys and girls, standing in two rows in a classroom. They are all holding up small, colorful hand-drawn cards with various names written on them, such as "Jesús", "Nuria", "Miguel", "FRAU", "ADAM", "MARIA", "SALVADOR", "ROSA", "IÑAKI", "YONAH", and "CARLA". The children are smiling. In the bottom left corner of the image frame, there is a graphic of an open envelope with a red seal and a small ribbon. The background shows a whiteboard and a clock on the wall. The date "29 febreiro 2023" is written on the right side of the whiteboard.

Sen dúbida, esperamos poder repetir esta experiencia o próximo curso.



5º E. P.

OS ALUMNOS DE 5º EP FOMOS "EXPLORADORES"




Os alumnos de 5º de EP tivemos que estudiar un tema , que era o REINO ANIMAL. Foi moi divertido porque fomos exploradores por un tempo, anotando no noso CADERNO DE BITÁCORAS a información que íamos atopando. Investigamos e pescudamos en Internet cada un dos grupos de animais, tanto invertebrados coma vertebrados, para coñecer as súas características, curiosidades, exemplos , fotos ... e o íamos anotando no noso caderno.

Como todo bo investigador o primeiro que fixemos foi escribir a nosa biografía:




E empezamos a pescudar por CONTINENTES; iso fixo que a pescuda fose un tanto complicada, xa que tiñamos que buscar animais dos diferentes continentes e aí nos demos conta que había especies que nin coñeciamos ou outras que vivían no noso continente, pero noutro non podían vivir (pola temperatura, precipitacións...).



En conclusión , aprendemos moitísimo e pasámolo moi ben!!

CREAMOS O NOSO SISTEMA SOLAR

Outro dos retos que nos propuxo a profe para estudar o tema do "UNIVERSO e a TERRA", foi construír o noso Sistema Solar con todos os planetas e Satélites e facer unha pescuda das características principais de cada planeta. Fixémolo con distintos materiais e algúns de nós incluso construímos de tal xeito que os planetas e satélites tiñan movemento. Foi moi divertido e un xeito de aprender moi lúdico. É verdade que a algúns de nós nos axudaron un pouquiño na casa, co que tamén a actividade foi compartida cos nosos pais.






TAMÉN FOMOS CREADORES LITERARIOS



Coma xa tiñamos moitos datos de continentes (CADERNO DE BITÁCORAS) e xa estudaramos o espazo exterior e o noso planeta en concreto (O NOSO SISTEMA SOLAR) fomos cara ao seguinte reto: escribir un conto no que o protagonista fose un explorador por un

continente determinado ou incluso algún foi explorador no espazo exterior. Ademais a profe dixo que se o ilustrabamos áínda nos quedaba mellor e así foi. Saíron aventuras fantásticas e foi moi divertido facelo!!!



6º E. P. A

Clase Elliott, 6 metros, en Londres 2.012 (vela)

Támara Echegoyen, Sofía Toro e Ángela Pumariega gañaron a medalla de ouro nos Xogos Olímpicos de Londres 2.012 en vela, na clase Elliott de 6 m.

A clase Elliot de 6 m é un iate de 3 tripulantes, que comezou a súa andadura olímpica en Londres 2.012. Inventouno Greg Elliott para usar como barco de adestramento dos equipos do Real Escuadrón de lates de Nova Zelandia.

As tripulantes españolas que obtiveron a medalla de ouro foron:

- ✓ Támara Echegoyen, nacida en Ourense en 1.985. Tamén competiu nos xogos de Río de Xaneiro (4^a clasificada en 49er FX) e nos de Tokio 2.020 (4^a clasificada en 49er FX).
- ✓ Sofía Toro, de A Coruña (1.990). Foron os únicos Xogos Olímpicos nos que participou.
- ✓ Ángela Pumariega, de Xixón (1.984). Ademais de Londres 2.012, tamén participou nos Xogos Olímpicos Río de Xaneiro 2.216 e de Tokio 2.020.

A vela é o deporte olímpico que máis medalas proporcionou a España ao longo dos Xogos Olímpicos, chegando a un total de 21 preseas (13 de ouro, 5 de prata e 5 de bronce).

XA está confirmada a participación de Támara Echegoyen, xunto con Paula Barceló nos vindeiros Xogos de París 2.024 na clase 49er FX



De esquerda a dereita, Támara Echegoyen, Sofía Toro e Ángela Pumariega amosan a medala obtida en Londres 2.012.

6º E. P. B

O alumnado de 6ºA involucrouse na procura de información da medallista olímpica Lydia Valentin, a cal acumula no seu palmarés dous títulos mundiais (2017 e 2018), catro ouros europeos, cinco pratas e dous bronces. A derradeira vez que se lle viu competindo foi nos Xogos Olímpicos de Tokio, onde rematou décima por mor dos seus problemas de cadrís. Para esta procura de información e posterior realización dun traballo, o alumnado utilizou medios dixitais e conexión á rede Wi-fi do centro.



Departamento de Inglés

Nas clases de plástica investigamos sobre unha pintora galega: Marieta Quesada e veu a coñecer a nosa escola.



Dende o Equipo de
Dinamización da Lingua
Galega investigamos
sobre diferentes
entroidos típicos de
Galicia



Tamén quixemos saber un pouquiño
máis sobre a vida de Rosalía de Castro



E agora toca investigar sobre a
homenaxeada no Día das Letras Galegas



CARTA DO DIRECTOR

Estimado alumnado e familias,

Rematamos outro curso escolar. Parece que onte ainda era setembro e en nada temos xuño á volta... ou os cursos corren moito para os maiores ou temos que frear un pouco o reloxo. Para vós tamén corren tan á presa?

Un curso no que volvemos a tentar estar á altura das expectativas, organizando actividades que susciten o interese da maior parte do alumnado, innovando no eido educativo, tentando conservar e mellorar o noso centro, xa que vai tendo uns aníños...

Este curso adicámolo aos Xogos Olímpicos, coincidindo olímpiadas de París 2024. Este proxecto de centro deunos pé a realizar moitos e variados proxectos nos distintos niveis educativos; así como a centralizar as nosas conmemoracións en torno aos mesmos; un ano deportivo!

Este tema nos leva a outros de gran interese e que non debemos despistar: benestar emocional, hábitos saudables, alimentación equilibrada, axeitado descanso... pero tomamos boa nota deles para adicarles máis tempo en cursos vindeiros.

Aproveitade o descanso de verán para coller forzas e volver con moitas ganas de traballar e comenzar un novo curso. Mientras tanto, desfrutade dos amigos e das amigas, da familia, do sol, da praia, da montaña, dos días longos...

Nós tamén aproveitaremos estas semanas para coller forzas, descansar e planificar o novo curso; para que cando chequedes, teñades todo preparado. Estaremos agardándovos cos brazos abertos e con algunhas novidades.

A disfrutar moito do verán!!!

FELICES VACACIÓNNS PARA TODOS!!!

Unha gran aperta para todos os que formamos a comunidade educativa do noso cole!!!

O director,
José Ángel






A PITAC

FALADORA

Nº 45

2023-2024



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega